

Memoria e familia

— Avó, ata mañá, si?

— Mañá? Para que vés mañá?

— Avó, para o mesmo que hoxe e onte, vin coidar de ti. Non te lembras?

— Non, filla, pero agora xa sí. — O señor riu na cama, mostrando as súas enxivas case baleiras pola idade.

— Si, avó, agora xa sí. — A neta tamén sorriu, para agochar a súa preocupación.

Os médicos avisaran de que, a partir dos oitenta anos do avó, ía perder algo de memoria, pero que non debería preocuparse demasiado. Nat non podía facer caso a "non preocuparse" se acababan de dicirlle que o avó ía perder memoria. E se a esquecía? Ou non recordaba a casa e vólvese tolo pensando que estaba nun lugar descoñecido?

O avó de Nat vivía só dende que o seu único fillo e pai solteiro de Nat morrera.

Nat vivía na cidade e el vivía na vila dende sempre.

— Ola... — Nat, aínda que vivía soa, sempre lle dicía "ola" á casa, facíaa sentir mellor, como se alguén a estivese agardando, como se non vivise soa e sentírase soa.

Apoiou as chaves no coiro da entrada, quitou os zapatos e a chaqueta, colgando con ela a bolsa que levaba.

Sacou do peto o seu móbil e cargador. Conectou o móbil para que cargase e púxose a facer a súa propia cea. Xa lle fixera a cea ao avó, pero quería estar pendente de que a comese, así que ela non comera.

Mentres o arroz se facía, puxo a mesa. Puxo un mini mantel para non ter que estender o grande e puxo un coitelo, un garfo e un vaso, e un salvamanteis para apoiar a sartén quente na que estaba a facer o arroz.

Esperou dous minutos e apoiou a sartén no salvamanteis da mesa e sentouse.

Ao final da mesa había unha foto dela, do avó e do pai. O recordo do pai fixo que algunhas bágoas se lle acumulasen nos ollos, pero non as deixou caer.

— Vótote de menos, pai. Hei de preguntarlle ao avó se aínda conserva o teu pasaporte estadounidense. A ver se podo levar ao avó como turista a Portland e conseguir a dobre nacionalidade. De verdade, voto de menos aquelas noites nas que non parábamos de falar e facíase moi tarde, cando ti volvías á casa do avó moi tarde e el moi preocupado. — A moza riu ao recordar a vez que o seu pai recibira dez chamadas perdidas do avó.

— Crees que sería unha boa idea traelo aquí á cidade para que non estea tan só?

Non sei se traelo a el ou ir eu, pero agora que está a perder a memoria, non debería estar só. Pai, ti resolverías isto moito mellor ca min. —

Estas bágoas si as deixou caer. Era unha noite tranquila, nada que facer ata o día seguinte, así que deixou todo tal e como estaba, púxose o pixama e foi para a cama.

Ao día seguinte, vestiuse de forma cómoda xa que tiña que meterse no seu coche unha hora para ir ao pobo e facerlle o almorzo e despertar ao avó.

Mentres conducía pola estrada, ía escoitando música para animarse o día, tiña que prepararse para calquera cousa, que hoxe o avó non a recordase ou que estivese facendo un desastre na cociña intentando comer, ou incluso, que o avó simplemente estivese acostado na cama, morto.

Ao virar cara á casa do avó escoitou o son dunha vaca, ou varias...

Aparcou o coche e foi mirar á finca descoidada e practicamente abandonada conectada á casa. Había catro vacas... Que facían as vacas alí? Ou mellor dito, como chegaran alí?

Viu ao seu avó sentado preto dun arbusto admirando aos animais pastar e facer sons.

— Avó! Que fas xa de pé fóra da casa?—

Nat sempre pechaba a porta con tranca para que o avó non puidera saír e perderse. Nat deuse un golpe a si mesma, onte saíu tan cansa que non pechou como normalmente facía.

— Filla! Miraa que vacas máis bonitas! Eu creo que algunha delas podería gañar ese concurso do que che gusta falar-me.

— Miss Vaca, avó. Eu tamén o creo, pero, de quen son?

— Do veciño, díxome que se podía prestar a nosa finca e eu deixei-la a chave.

— Juan?!

— Non, filla, Robert.— O avó sorriu.

— Avó, Juan e Robert son a mesma persoa pero Juan ten dous nomes.— Viches volver entrar na casa? A Juan ou a Robert non lles podes dar as chaves da finca porque despois non che a devolven e róbanche a finca, avó.

— Ui, iso non o queremos, logo lla pido, agora déixame mirar as súas vacas.

— Vale, avó. Que queres almorzar? Baixoche xusto agora e almorzamos xuntos.

— O que queiras, filla, estiveches traballando moito.— Sorriu e Nat decatouse de que fixese o que fixese co avó, el agradeceríallo.